

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**17506** *REAL DECRETO 1200/2005, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino. («BOE» 255, do 25-10-2005.)*

O sector equino é un dos sectores gandeiros que máis importancia histórica tivo no noso país. Ata mediados do século pasado, o seu papel como forza de transporte e traballo foi insubstituíble, e o resto dos seus produtos revestían a suficiente relevancia como para seren incluídos dentro da contabilidade agraria nacional. No entanto, a rápida substitución do equino como ferramenta de traballo debido aos avances tecnolóxicos levou a unha importante regresión desta produción gandeira.

Non obstante, en toda Europa o gando equino ten unhas indubidables potencialidades como xerador dunha importante actividade económica e de creación de emprego, alén de contribuír, dentro das súas posibilidades, á vertebración do mundo rural e significar un exemplo máis da multifuncionalidade da gandaría.

A última reforma da política agraria común abriu un novo ámbito de decisión empresarial para moitos gandeiros, xa que as novas directrices defenden a necesidade do apoio a agricultores e gandeiros dun xeito que se oriente máis ás demandas sociais e do mercado, o que dá aos produtores a posibilidade de diversificar a súa actividade cara a novos aspectos relacionado coa actividade agraria incluíndo a gandaría do equino, sexa de raza pura ou non.

Non hai que esquecer que as actividades en que participa este sector non só abranguen aspectos relacionados coa produción gandeira primaria, alimentos ou animais vivos senón tamén con outros ámbitos empresariais dende o turismo rural, cuxa importancia medra de xeito continuado, ata as actividades terapéuticas, como o uso do cabalo na adaptación de persoas con minusvalidez, sen esquecer todas as actividades deportivas relacionadas con este tipo de animais (carreiras, concurso de saltos etc.) todas elas, á fin e ao cabo, xeradoras dunha riqueza económica e social que se considera conveniente fomentar desde os poderes públicos.

Este real decreto pretende fomentar este sector nos dous ámbitos antes expostos e dalgunha forma interdependentes; isto é, no sector gandeiro primario, de produción de carne e de animais vivos, e no sector servizos, a través de pequenas e medianas empresas e outras institucións que actúan nos ámbitos sociais, culturais, deportivos e de lecer nos que o cabalo é protagonista.

De acordo co anterior, mediante este real decreto, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécense as bases reguladoras das subvencións estatais ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento.

Estas axudas axústanse ao disposto, no caso de axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias, no Regulamento (CE) n.º 1/2004 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrarios; no caso das axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias, ao establecido no Regulamento (CE) n.º 69/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas «de minimis», e para as axudas á formación, no Regulamento (CE) n.º 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á

aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación. Conforme as devanditas normas, as exencións expiran automaticamente o 30 de xuño de 2007.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 7 de outubro de 2005,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

## Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as bases reguladoras das subvencións estatais destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no Regulamento (CE) n.º 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación; no Regulamento (CE) n.º 1/2004 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrarios, e na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Agrupacións de produtores equinos: as entidades con personalidade xurídica propia, baixo calquera forma asociativa válida de acordo co ordenamento xurídico, en cuxos estatutos de constitución do cal teñan entre os seus obxectivos a produción e cría da gandaría equina.

b) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

c) Empresa agraria equina: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria coa especie equina, primordialmente con fins de mercado e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

d) Équidos: os cabalos, asnos e os seus cruzamentos.

e) Primeira instalación: o inicio da actividade gandeira por primeira vez con équidos ou a reorientación da produción con cambio de especie cara á produción equina.

f) Titular de empresa agraria equina: a persoa física ou xurídica que exerce a actividade agraria coa especie equina, que organiza os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asume os riscos e a responsabilidade civil, social e fiscal que poden derivar da xestión da explotación.

Artigo 3 *Liñas de axuda e prazo de realización das actuacións.*

1. As liñas de axuda serán as que se establecen nos capítulos II e III.

2. As actividades obxecto de subvención haberán de realizarse desde a presentación da solicitude ata o día 30 de outubro, incluído, de cada exercicio.

## CAPÍTULO II

**Axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias.****Artigo 4** *Axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias.*

1. As axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias comprenden os seguintes tipos de axudas.

- a) Investimentos en empresas equinas dedicadas á produción e cría de équidos.
- b) Investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo.
- c) Axudas ás asociacións e agrupacións de produtores de équidos.

2. As actividades subvencionables, os beneficiarios, a contía e a intensidade máxima das axudas son as que se establecen nos artigos 5, 6, 7 e 8.

**Artigo 5** *Axudas aos investimentos en empresas equinas dedicadas á produción e cría de équidos.*

1. O obxectivo desta axuda é optimizar os custos de produción, mellorar e reorientar a produción, aumentar a calidade, protexer e mellorar o ámbito natural, as condicións hixiénicas e as normas de benestar animal e fomentar a diversificación das actividades gandeiras coa especie equina.

2. As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) A construción, adquisición e mellora de bens inmobles para a súa adaptación á cría e estabulación de équidos, incluíndo o acondicionamento de parcelas para o desenvolvemento da actividade gandeira coa especie equina, a construción e rehabilitación de valados e cerrumes perimetrais, a construción de recintos de manexo, mangas de contención, refuxios, etc.

b) A primeira adquisición de animais da especie equina no caso da primeira instalación como explotación gandeira equina, incluídos os reprodutores rexistrados en libros xenealóxicos ou equivalentes e a adquisición de doses seminais e a súa aplicación na explotación para mellorar a calidade xenética.

c) A compra ou arrendamento con opción de compra de nova maquinaria e equipamento, incluídos os ordenadores destinados á actividade gandeira equina no suposto de primeira instalación como explotación gandeira equina.

d) Os custos xerais, como honorarios de técnicos e estudos de viabilidade para a primeira instalación da explotación gandeira equina.

e) Investimentos destinados ao cumprimento de normas mínimas de recente introdución en materia de medio, hixiene e benestar animal relacionados coa especie equina conforme o previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1/2004 da Comisión, do 23 de decembro de 2003.

3. Poderán ser beneficiarios das axudas aqueles titulares de empresas agrarias equinas destinadas á produción e cría de équidos que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Estaren inscritas no Rexistro de explotacións gandeiras conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, como explotación de reprodución e produción, así como dispoñer do correspondente libro de explotación actualizado que se estableza regulamentariamente para os équidos e identificar os seus animais conforme a normativa vixente.

b) Acreditaren viabilidade económica da empresa e estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente.

c) Cumpriren coas normas mínimas en materia ambiental, en particular as relacionadas coa xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano xerados na súa empresa.

d) Cumpriren a normativa aplicable en materia de benestar animal e, en especial, os reais decretos 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, e 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte.

e) Aplicaren os programas sanitarios que sexan establecidos polas autoridades competentes e efectúen o rexistro dos tratamentos medicamentosos conforme o Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

4. A intensidade bruta da axuda non deberá superar:

a) O 50 por cento dos investimentos subvencionables en zonas desfavorecidas e, no caso de novos agricultores, o 60 por cento, dentro dos cinco anos seguintes á súa instalación.

b) O 40 por cento dos investimentos subvencionables nas demais zonas e, no caso de novos agricultores, o 50 por cento, dentro dos cinco anos seguintes á súa instalación.

c) Se o investimento prevé custos suplementarios relacionados coa protección ambiental do medio, a mellora das condicións hixiénicas das explotacións equinas ou co benestar animal, estas porcentaxes do 50 e 40 por cento poderán aumentarse 25 e 20 puntos porcentuais, respectivamente. Neste caso só poderán concederse para cumprir requisitos que van máis alá das normas comunitarias, nacionais ou autonómicas para aquelas de recente promulgación nos termos establecidos no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1/2004 da Comisión, do 23 de decembro de 2003.

**Artigo 6** *Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo.*

1. O obxectivo desta axuda é facilitar a mellora e racionalización da transformación e comercialización da carne de cabalo, aumentar a súa competitividade e o seu valor engadido, mellorar a súa calidade e aplicar procedementos de rastrexabilidade ao longo de toda a cadea de produción.

2. As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Implantación de programas voluntarios de garantía de calidade e sistemas documentais para a etiquetaxe e rastrexabilidade das producións co fin de mellorar a calidade.

b) Compra ou arrendamento de maquinaria, equipamentos e ordenadores, para a aplicación dos programas e sistemas documentais sinalados no parágrafo anterior.

c) Estudos de mercado e viabilidade, deseño de produtos e pagamento de honorarios a asesores.

d) Cursos de formación no ámbito da produción, transformación e comercialización de carne de cabalo en relación coa aplicación de sistemas de garantía da calidade e sistemas APPCC (análise de perigos e de puntos de control críticos).

e) Celebración e asistencia a certames, feiras e exposicións cuxa finalidade sexa o fomento e a promoción de carne de cabalo.

3. Poderán ser beneficiarios das axudas aquelas pequenas e medianas empresas agrarias equinas ou as súas asociacións legalmente recoñecidas dedicadas á produción, á transformación e comercialización de carne de cabalo, sobre as que recaía a carga financeira dos investimentos e gastos que se consideren subvencionables, que realicen a actividade para a que se outorga a axuda e que manteñan a devandita actividade durante un período non inferior a cinco anos, contados a partir do momento en que aquela se iniciase e que, ademais, cumpran os seguintes requisitos:

a) Acreditar a viabilidade económica da empresa e estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente.

b) Que os investimentos redunden en vantaxes para os produtores equinos a través de contratos agroalimentarios ou acordos de comercialización.

c) Acreditar a aplicación de sistemas de rastrexabilidade na produción, de control de puntos críticos en todo o proceso produtivo, así como fomentar mediante compromisos por escrito, o cumprimento das normas en vigor sobre o medio, a hixiene e a sanidade, o rexistro e identificación dos animais, os programas sanitarios aprobados pola autoridade competente e, se é o caso, o benestar animal e códigos de boas prácticas hixiénicas, nas explotacións vinculadas.

Para estes efectos entenderanse como explotacións vinculadas aquelas que teñan relación directa de carácter comercial coas empresas de transformación e comercialización beneficiarias das axudas descritas neste real decreto.

d) Realizar unha correcta xestión dos subprodutos xerados durante o proceso produtivo.

4. A intensidade bruta da axuda non deberá superar:

a) O 50 por cento do investimento subvencionable nas rexións de obxectivo n.º 1.

b) O 40 por cento dos investimentos subvencionables nas demais rexións.

c) No caso da actividade prevista no punto 2.d), haberá que aterse ao disposto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001.

#### Artigo 7. Axudas ás asociacións e agrupacións de produtores de équidos.

1. O obxectivo desta axuda é promover a constitución de entidades de carácter asociativo legalmente recoñecidas relacionadas co sector equino e para actividades de asistencia técnica a estas asociacións e as súas agrupacións, así como apoiar as constituídas con outros fins que amplíen o seu ámbito de actuación ao sector equino para mellorar o seu funcionamento e a comercialización dos seus produtos, en particular, aquelas medidas que favorezan a concentración da oferta e a mellora na calidade dos produtos.

2. As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Asistencia técnica ás entidades asociativas e agrupacións de produtores de équidos, que se constituán ou que amplíen significativamente as súas actividades.

b) Implantación de programas de calidade voluntarios ou de sistemas de produción diferenciada, denominacións de calidade e produción ecolóxica.

c) Implantación de programas de manexo zootécnico e sanitario nas explotacións equinas aprobados pola autoridade competente que abrangan aspectos relaciona-

dos coa mellora da calidade e sanidade das producións equinas.

d) Implantación de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito da cría equina de produción de carne (ceba en común, centros de normalización, tipificación canais, etc.).

e) Realización de cursos de formación en produción equina relacionados coa produción e cría de équidos no nivel de explotación.

f) Celebración e asistencia a certames, feiras ou exposicións cuxa finalidade sexa o fomento e a promoción do equino e os seus produtos e servizos, sempre que non se atopen incluídos no ámbito de aplicación da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 17 de marzo de 1988, pola que se actualizan e regulan os certames gandeiros de raza pura, de carácter nacional e internacional, e se fixan os estímulo á participación nestes.

g) Campañas para a promoción e difusión do consumo de carne de cabalo e das súas calidades nutricionais.

h) Aplicación de servizos en común e investimentos en común, como os previstos no artigo 5.2.a), ou cando se trate de asociacións ou agrupacións que se constituán ou que amplíen significativamente as súas actividades, o aluguer de locais apropiados e adquisición de material, incluídos ordenadores para a aplicación dos programas.

3. Poderán ser beneficiarios das axudas as entidades asociativas ou as súas agrupacións, as agrupacións de produtores da especie equina e as agrupacións de defensa sanitaria recoñecidas de acordo co establecido no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras que cumpran as seguintes condicións:

a) Acreditar a súa viabilidade económica e estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente.

b) Todas as explotacións dos integrantes da asociación ou agrupación deben cumprir cos requisitos establecidos no artigo 5.3, agás no relativo á viabilidade económica, que deberá ser acreditada pola entidade beneficiaria da axuda.

c) Os programas aprobados débense aplicar a todas as explotacións pertencentes á asociación.

d) Os programas deben ser supervisados por un técnico con titulación de grao medio ou superior e, no caso dos programas sanitarios, por un veterinario.

e) No caso de que as axudas solicitadas estean destinadas a mellorar a comercialización da produción polo menos, o 50 por cento desta, que, pola súa vez, proceda, como mínimo, do 50 por cento das explotacións integradas na entidade asociativa, debe ser comercializada pola entidade asociativa beneficiaria.

4. A contía máxima total da axuda por asociación non poderá ser superior a 100.000 euros e deberán respectarse, ademais, as seguintes condicións:

a) Estas axudas serán temporais e decrecentes e non poderán superar o 100 por cento dos custos subvencionables correspondentes ao primeiro ano, cunha redución anual de 20 puntos porcentuais, ata un máximo de cinco anos.

b) No caso do punto 2.d), o límite máximo será do 40 por cento dos custos subvencionables, que serán no devandito suposto os previstos no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1/2004 da Comisión, do 23 de decembro de 2003.

c) No caso do punto 2.e), haberá que aterse ao disposto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001.

d) No caso do punto 2.g), o límite máximo será do 50 por cento do custo de cada campaña.

### Artigo 8. *Límites adicionais das contías das axudas.*

Sen prexuízo do previsto nos artigos 5, 6 e 7, en todo caso, as axudas a pequenas e medianas empresas agrarias non superarán as contías previstas no artigo 1.3 do Regulamento (CE) n.º 1/2004 da Comisión, do 23 de decembro de 2003.

## CAPÍTULO III

### **Axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións**

#### Artigo 9. *Finalidade e actividades subvencionables.*

1. O obxectivo desta axuda é o fomento de actividades relacionados con servizos a terceiros nos ámbitos do lecer, deportivos, sociais, culturais ou do turismo rural coa utilización de équidos.

2. As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Adecuación e deseño das instalacións e aloxamento dos animais, zonas de recreo e rutas ecuestres para o desenvolvemento da actividade.

b) Primeira compra de animais e de arneses, selas e demais bens mobles de uso específico directamente relacionado coa práctica da actividade ecuestre en empresas de turismo rural que desexen ofrecer servizos a terceiros con équidos.

c) Realización de cursos de formación para profesionais, no ámbito ecuestre.

d) Desenvolvemento de actividades ecuestres no ámbito escolar ou con fins terapéuticos (hipoterapia).

e) Fomento da equitación de base nas escolas, fundacións e centros formativos, como actividade complementaria á educacional, cando se implante por primeira vez e no marco dun programa aprobado pola autoridade competente.

#### Artigo 10. *Beneficiarios e contías das axudas.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas as pequenas e medianas empresas non agrarias e aquelas outras institucións que ofrezan servizos a terceiros con participación de équidos. En particular, poderán ser beneficiarios os centros de aluguer ou pupilaxe de animais da especie equina, centros de lecer en que se leven a cabo actividades ecuestres, empresas de turismo rural, centros de ensino públicos ou privados, centros deportivos ecuestres que desenvolvan a súa actividade no ámbito rural, así como fundacións, empresas e as súas asociacións, sempre que o seu obxecto sexan as actividades económicas relacionadas coa utilización de équidos.

Para poder optar a estas axudas os beneficiarios deberán cumprir, en función da actividade subvencionable, os seguintes requisitos:

a) Acreditar a súa viabilidade económica.

b) Estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente.

c) Cumprir coas normas mínimas exigibles en materia de benestar animal, hixiene e medio natural.

d) Levar unha correcta xestión dos subprodutos xerados pola actividade que se desenvolva cos équidos.

e) Dispoñer de persoal responsable dos animais con formación específica en gandaría equina ou acreditada nos dous anos posteriores.

f) Rexistrar a explotación e identificar a todos os animais utilizados na actividade, conforme a normativa vixente.

g) Contar cun programa sanitario para os équidos, supervisado por un veterinario.

2. A contía máxima total da axuda non poderá ser superior a 100.000 euros por beneficiario nun período de tres anos. Así mesmo, as axudas á formación non poderán superar a contía prevista no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 68/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001.

## CAPÍTULO IV

### **Xestión das axudas**

#### Artigo 11. *Prelación das axudas.*

Na concesión das subvencións previstas neste real decreto, terán prioridade as solicitudes das axudas previstas no capítulo II.

#### Artigo 12. *Solicitudes, tramitación, resolución e pagamento.*

1. As solicitudes presentaranse nos prazos establecidos polas comunidades autónomas nas súas respectivas convocatorias e, en todo caso, antes do 30 de abril de cada ano. As solicitudes de subvención, acompañadas da documentación e xustificantes dos requisitos exigidos en cada convocatoria, dirixirase á autoridade competente da comunidade autónoma en que se vaia levar a cabo a actividade pola que se solicita a subvención, a cal tramitará o procedemento e resolverá motivada.

2. O prazo para ditar e notificar a resolución establecerase en cada convocatoria, pero en ningún caso será superior a seis meses desde a publicación da convocatoria das axudas.

3. Así mesmo, corresponderalles aos ditos órganos o pagamento da subvención, unha vez xustificada a realización da actividade para a que foi concedida, segundo se establece no artigo 16, e a realización dos controis administrativos e sobre o terreo.

4. Nas resolucións de concesión da subvención farase constar expresamente que os fondos con que se sufraga proceden dos orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 13. *Distribución territorial das subvencións.*

A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado, por conta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, realizarase de acordo co previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Na súa virtude, para cada exercicio establecerase, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e tendo en conta, se é o caso, os remanentes dos fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario que se atopen en poder das comunidades autónomas, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.

#### Artigo 14. *Acumulación e compatibilidade das axudas.*

1. As subvencións previstas neste real decreto serán compatibles con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

2. Non obstante, a obtención concorrente de axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das subvencións percibidas por cada beneficiario supere o custo de toda a actividade que se vaia desenvolver para o período de que se trate, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas neste real decreto, ata axustarse a ese límite.

Se aínda así a suma de subvencións supón unha intensidade da axuda superior aos máximos establecidos neste real decreto ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, reducirase ata o citado límite.

**Artigo 15. Deber de información.**

As comunidades autónomas remitiranlle anualmente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no primeiro trimestre de cada exercicio, os datos relativos ás axudas concedidas o ano anterior.

**Artigo 16. Xustificación do cumprimento.**

Os beneficiarios das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas e a aplicación dos fondos percibidos, mediante a presentación da documentación xustificativa correspondente, no prazo e a forma que determine a autoridade que as outorgou.

**Artigo 17. Modificación da resolución.**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais cando o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario supere os máximos previstos neste real decreto ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas neste real decreto, ata respectar o devandito límite.

**Artigo 18. Incumprimento e reintegro.**

1. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades, se é o caso, percibidas, incrementadas cos xuros de demora legais.

2. Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos demais supostos previstos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Disposición derradeira primeira. Título competencial.**

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda. Normativa supletoria.**

En todo o previsto neste real decreto será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Disposición derradeira terceira. Facultade de desenvolvemento e modificación.**

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as medidas precisas para a aplicación e cumprimento deste real decreto, así como para modificar o prazo máximo de presentación das solicitudes previsto no artigo 12.1.

**Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

**17675 REAL DECRETO 1225/2005, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións ás organizacións interprofesionais agroalimentarias.** («BOE» 257, do 27-10-2005.)

O Real decreto 1417/2004, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, atribúelle á Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación, entre outras funcións, o desenvolvemento das liñas directrices da política de vertebración sectorial no ámbito agroalimentario.

As organizacións interprofesionais agroalimentarias son ferramentas esenciais na articulación vertical do sector agroalimentario. Desde a promulgación da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, diversos sectores estruturáronse arredor destas organizacións de natureza privada, carácter representativo e carentes de ánimo de lucro, que desempeñan unha importante función de coordinación e colaboración entre os distintos axentes económicos implicados no sistema agroalimentario.

O Real decreto 705/1997, do 16 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, establece no seu artigo 2 que estas organizacións poderán ser beneficiarias das axudas e subvencións públicas que se establezan, co fin de promover o seu funcionamento e a realización das finalidades para que se constituíron.

O Real decreto 1789/1997, do 1 de decembro, polo que se establecen axudas ás organizacións interprofesionais agroalimentarias, desempeñou un destacado papel na política de fomento da constitución e funcionamento das ditadas organizacións e presenta un balance moi satisfactorio ao longo dos seus oito anos de vixencia. Porén, unha vez superada esta primeira fase de implantación do modelo interprofesional, cómpre abordar unha segunda etapa de consolidación e impulso que precisa un novo marco xurídico que regule as subvencións ás organizacións interprofesionais.

Este real decreto, que derroga a anterior normativa establecida no Real decreto 1789/1997, do 1 de decembro, pretende potenciar a constitución e o funcionamento das organizacións interprofesionais agroalimentarias a través da creación de subvencións específicas que impulsen as súas actividades en consonancia coas novas orientacións, exixencias e dinámica dos mercados.

Mantén as subvencións ao funcionamento e desenvolvemento das organizacións interprofesionais, á vez que incorpora a experiencia de anos anteriores, corrixe os problemas detectados, emenda omisións concretas na regulación dalgúns aspectos das axudas e actualiza as súas contías, que permaneceron inalterables desde 1997.

Por outra parte, o fomento das organizacións interprofesionais exixe facilitar o cumprimento das finalidades